

as RAICES na PEDRA



as RAICES na PEDRA

o ciclo do ano

O programa consiste en catro xornadas, unha por estación, na que se celebrará un obradoiro temático e unha actuación posterior. Os obradoiros están pensados para que, cunha didáctica doada, poida participar o maior número de persoas posibles incluíndo, fundamentalmente, a familias para que, dun xeito lúdico, participen da cultura tradicional e poidan aprender os diferentes ritmos bailables do noso país.

Iniciación ao baile tradicional

MUIÑEIRA

Xogos e bailes en roda

TEMPO DE LECER

Iniciación ao baile tradicional

XOZA

✿ Introdución á música tradicional

CANTOS DE NADAL E DANZAS DE REIS

OBRADOIRO BAILE SOLTO: MUIÑEIRA

DATA: 11 DE XUÑO 2017

LUGAR: PRAZA DAS PRATERÍAS

Ás 17:00 imparte o obradoiro Colexiata de Sar (90 min.)

Ás 18:30 actúa o Grupo Cantigas e Agarimos



Seráns, Ruadas, Fiadeiros, Polavilas, Foliadas...

Entre a recolleita do millo, aló polo mes de setembro/outubro, ata Semana Santa, acontece en todo o país un fenómeno social no que ao rematar o traballo do campo, os veciños dun lugar xúntanse en locais dispostos para tal fin (casas baleiras, cortes...) para seguir traballando, falar, bailar, cantar, mocear...

Estas reunións teñen un gran valor no eido da cultura tradicional, xa que é neses lugares onde toda a nosa tradición sobreviviu dun xeito natural facendo que todos os bailes, cantos, toques de pandeireta, pandeiro..., cheguen ata os nosos días. Nestas reunións tocábanse e bailábanse diferentes ritmos, pero o ritmo por excelencia de toda Galicia é a Muíneira, con cadansúa variante en cada lugar pero sendo sempre Muíneira.